

O Corgo, 30 de novembro de 2016 - O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 3733

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 23 de novembro de 2016, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa pola Recollida de Lixo correspondente á anualidade de 2.016.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da Taxa pola Recollida de Lixo, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos deberán ingresarse no periodo voluntario comprendido entre o 23 de novembro de 2016 e o 31 de xaneiro de 2017 na conta que ten aberta o Concello de Guntín na entidade bancaria ABANCA e que figura no correspondente recibo. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 23 de novembro de 2016.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 3693

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14/764 de 16 de novembro de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO. (EXP. REF. 43-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** a subministración dun aseo público autolimpable para situar no parque de Rosalía de Castro.

b) **Prazo de execución:** O prazo máximo de entrega será de CORENTA E CINCO (45) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte a aquel en que se requira formalmente para a subministración concreta polos servizos técnicos municipais de parques e xardíns, en función das necesidades e da precisa coordinación coa execución da obra civil por parte do Concello.

Este requirimento realizarase no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato de subministración que é o máximo previsto para a execución da obra civil por parte do Concello

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O prezo dos contratos (prezo de licitación) ascende a 33.057,85 € máis o 21% IVE – 6.942,15 € - resultando un total de 40.000 euros (IVE incluído).

5.- Garantías:

a) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.gal (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de cláusulas administrativas

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil (sábado ou festivo) prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou enviadas por correo.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 71,24 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 30 de novembro de 2016.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3694

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento del artículo 169.1, por remisión del 177.2, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, al no haberse presentado alegaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el Acuerdo plenario de fecha 29 de septiembre de 2016 sobre el expediente de modificación de créditos n.º 2876/2016 del